Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

ACTA Nº 2026/1
SESIÓN CONSTITUTIVA DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN

Na Casa do Concello de Coirós, sendo as 12:45 horas do día 9 de outubro de 2026, reúnense as persoas que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, a Sesión constitutiva da Mesa Xeral de Negociación do Concello de Coirós.

Preside a sesión o alcalde-presidente D. Francisco Quintela Requeijo, asistindo as seguintes persoas:

VOGAIS
- Dª. Paula Boado Presas, representante do persoal funcionario
- D. Henrique Xesús Fidalgo Méndez, representante do persoal laboral
- D. Óscar Noya García, en representación do sindicato CSIF

Actúa como secretaria María Cristina Varela García, secretaria-interventora do Concello de Coirós.

Declarado aberto o acto, comeza o debate dos asuntos incluídos na seguinte,

ORDE DO DÍA:

1.º Constitución da Mesa Xeral de Negociación do Concello de Coirós.

Queda constituída a Mesa Xeral de Negociación do Concello de Coirós, coa seguinte composición:

Presidente: o alcalde, Francisco Quintela Requeijo

Vogais:
- Paula Boado Presas, delegada sindical do persoal funcionario (con voz e voto)
- Henrique X. Fidalgo Méndez, delegado sindical do persoal laboral (con voz e voto)
- Óscar Noya García, que asiste en representación do CSIF (con voz e sen voto), acreditado mediante comunicación de José Ramón Villalibre Fernández, presidente provincial do CSIF

Secretaria: a da Corporación, María Cristina Varela García

2º. Aprobación do seu réxime de funcionamento e sesións.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 26/10/2026 08:21:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 26/10/2026 09:31:00) ,
Paula Boado Presas (FECHA: 26/10/2026 09:49:00) , Henrique Xesús Fidalgo Méndez (FECHA: 26/10/2026 16:46:00) ,
oscar noya garcia (FECHA: 26/10/2026 19:05:00)
Versión imprimible
CVD: hJTbCFWkhoU5jhAFznz2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Os membros da Mesa acordan que de cada reunión se levante unha acta sucinta e que as sesións se convoquen previo acordo de todos os presentes, por correo electrónico.

3º. Negociación da proposta de Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Coirós. Nº Expediente 2026/E004/000001.

A secretaria explica que xunto coa Relación de Postos de Traballo debe aprobarse un Plan de ordenación dos recursos humanos, posto que no Concello de Coirós non se levou a cabo a estabilización prevista na Lei 20/2021 de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, polo tanto a única vía para reducir a temporalidade por debaixo do 8% esixido é ter aprobado un plan de ordenación do persoal, consonte ao disposto no artigo 20.dous da Lei 31/2022 do 23 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, que debemos considerar prorrogada tamén. Por outra banda, os procesos de promoción interna vertical (para os auxiliares administrativos) e horizontal (para unha auxiliar de axuda a domicilio que ten recoñecida unha incapacidade permanente parcial) tamén deben regularse neste plan.

Respecto da documentación remitida xunto coa convocatoria, a secretaria aclara que se trata de documentos básicos para esta fase de negociación, non do expediente completo que ten que elevarse ao Pleno. Indica que se partiu do borrador realizado polo secretario anterior, David Veiga Sierra, que o persoal xa coñecía, e que se foi traballando sobre el en diversas reunións cos representantes sindicais dende que ela tomou posesión en marzo ata o mes de agosto. Faltaba un documento fundamental como é o organigrama, que se elaborou de acordo cos departamentos afectados, pero o manual de valoración é esencialmente o mesmo. As modificacións que se fixeron afectaron fundamentalmente aos postos A1 e FHN.

O Sr. Noya García valora moi positivamente o documento porque aprobar unha RPT é unha obriga legal e non queren que ningún/ha traballador/a saia discriminado, requisitos que este documento que se lles presenta cumpre.

O alcalde sinala que a aprobación da RPT implica unha mellora salarial para todo o persoal, uns máis ca outros porque partían dunha situación moito peor, e para o goberno supón un esforzo económico importantísimo en ano electoral, porque son cartos que podían destinarse a obras.

O Sr. Noya García comenta algunhas dúbidas que lle xera o documento: nas fichas de auxiliares suxire que as prazas aparezan tal cal desexa o concello, isto é, se queren que se promocione a administrativo (C1) que se elimine a referencia auxiliar (C2) e só apareza administrativo. O mesmo para os postos a funcionarizar: en vez de L/F que apareza unicamente F. Eles como sindicato defenden que todos os postos teñan carácter funcionarial.

A secretaria aclara que na ficha de auxiliares de SAF aparece laboral e funcionario porque unha das auxiliares é funcionaria e o resto laborais temporais, co cal neste caso ponse así para reflectir a dualidade existente. Esta funcionaria sería a única que podería facer a promoción interna horizontal a subalterno de administración xeral.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 26/10/2026 08:21:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 26/10/2026 09:31:00) ,
Paula Boado Presas (FECHA: 26/10/2026 09:49:00) , Henrique Xesús Fidalgo Méndez (FECHA: 26/10/2026 16:46:00) ,
oscar noya garcia (FECHA: 26/10/2026 19:05:00)
Versión imprimible
CVD: hJTbCFWkhoU5jhAFznz2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

O alcalde sinala que vai esixir que todo o persoal que presta servizos na Casa do Concello e no Centro Social cumpra un horario de 8 a 15 horas. Quere que o persoal teña dispoñibilidade e responsabilidade para co concello e o servizo público.

O Sr. Noya García suxire que se aprobe a xornada de 35 horas semanais, aínda que está seguro de que este asunto vaise gañar nos tribunais porque a xornada do persoal de administración local é a mesma que para o persoal da Administración Xeral do Estado, que a ten recoñecida.

O alcalde di que non, que van seguir coa xornada de 37,5 horas semanais.

A Sra. Boado Presas sinala que se presentaron catro escritos de alegacións dirixidos á Mesa de Negociación estes días.

O Sr. Noya García sinala que a fase de alegacións é a da exposición pública tras a aprobación inicial do documento, non agora. En todo caso haberá que velas e telas en conta de cara ao documento definitivo. Pide ter a comparativa salarial.

Os representantes sindicais comentan que hai algún erro que xa pode quedar corrixido agora:

- O nº de auxiliares de SAF sería 10 en total (9 laborais e 1 funcionaria) en lugar de 11
- Hai algunha discordancia entre as fichas de valoración do CE, por exemplo no horario: está mal a puntuación pero o importe é correcto

O Sr. Noya García suxire que na ficha das auxiliares de SAF se faga constar que se amortizará un posto cando se complete o proceso de promoción interna horizontal.

Acordan que a seguinte reunión sexa o venres 16 de outubro ás 12.30 horas para tratar o plan de ordenación de recursos humanos que se aprobará conxuntamente coa RPT.

Non habendo máis asuntos que tratar e sendo as catorce horas e cinco minutos (14:05) o Sr. alcalde-presidente levanta a sesión, da que se estende a presente acta da que eu, como secretaria, dou fe.

A secretaria, María Cristina Varela García

O alcalde-presidente, Francisco Quintela Requeijo

A vogal Paula Boado Presas

O vogal Henrique Xesús Fidalgo Méndez

O vogal Óscar Noya García

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 26/10/2026 08:21:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 26/10/2026 09:31:00) ,
Paula Boado Presas (FECHA: 26/10/2026 09:49:00) , Henrique Xesús Fidalgo Méndez (FECHA: 26/10/2026 16:46:00) ,
oscar noya garcia (FECHA: 26/10/2026 19:05:00)
Versión imprimible
CVD: hJTbCFWkhoU5jhAFznz2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

ACTA Nº 2026/2
SESIÓN DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN

Na Casa do Concello de Coirós, sendo as 12:05 horas do día 16 de outubro de 2026, reúnense as persoas que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, a Sesión da Mesa Xeral de Negociación do Concello de Coirós.

Preside a sesión o alcalde-presidente D. Francisco Quintela Requeijo, asistindo as seguintes persoas:

VOGAIS
- Dª. Paula Boado Presas, representante do persoal funcionario
- D. Henrique Xesús Fidalgo Méndez, representante do persoal laboral
- D. Óscar Noya García, en representación do sindicato CSIF

Actúa como secretaria María Cristina Varela García, secretaria-interventora do Concello de Coirós.

Declarado aberto o acto, comeza o debate dos asuntos incluídos na seguinte,

ORDE DO DÍA:

1.º Negociación da proposta de Plan de Ordenación de Recursos Humanos para o período 2027-2029 do Concello de Coirós. Nº Expediente 2026/E005/000020.

A secretaria explica as liñas de actuación (apartado 4º) que contempla o Plan de ordenación dos recursos humanos:

1ª. Aprobación da primeira Relación de Postos de Traballo.

2ª. Promoción interna vertical das prazas de auxiliar administrativo a prazas de administrativo.

3ª. Promoción interna horizontal da praza de auxiliar de axuda no fogar (administración especial, AP) á praza de alguacil-porteiro (administración xeral, AP).

4ª. Inclusión na Oferta de Emprego Público das prazas que se crean na Relación de Postos de Traballo:

- 1 praza de auxiliar administrativo (área de acción social, cultural e deportiva, servizos sociais municipais)

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 26/10/2026 08:21:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 26/10/2026 09:31:00) ,
Paula Boado Presas (FECHA: 26/10/2026 09:49:00) , Henrique Xesús Fidalgo Méndez (FECHA: 26/10/2026 12:33:00) ,
oscar noya garcia (FECHA: 26/10/2026 19:05:00)
Versión imprimible
CVD: 7RW3zfvCmGi6Btt37Stc Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

- 9 prazas de auxiliar de axuda no fogar (área de acción social, cultural e deportiva, servizos sociais municipais)
- 1 praza de monitor/a do centro de interpretación do Mandeo (área de acción social, cultural e deportiva, servizo municipal de cultura e xuventude)
- 1 praza de psicólogo/a do CIM (área de CIM)

5ª. Proceso de funcionarización dos postos de persoal laboral fixo:

- técnico/a electricista e de mantemento (área de obras, urbanismo, medio ambiente e servizos)
- técnico/a de deportes (área de acción social, cultural e deportiva, servizo municipal de deportes)

6ª. Aprobación dun Plan de igualdade

As medidas para acometer estas liñas de actuación son as seguintes:

A) RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO

A Relación de Postos de Traballo é o instrumento técnico co que contan as Administracións Públicas, para ordenar o seu persoal, no devandito instrumento é onde se inclúen todos aqueles postos de traballo de carácter estrutural que resultan necesarios para a prestación dos Servizos Públicos.

A través da elaboración e aprobación da Relación de Postos de Traballo preténdese:
a) Determinar o número de postos de carácter estrutural do Concello.
b) Dimensionar o persoal de acordo coa aplicación de criterios de racionalidade, eficacia e eficiencia.
c) Describir os perfís profesionais dos postos, requisitos, titulación e formación, tendo en conta as previsións normativas vixentes para o efecto e atendendo os principios de mellor prestación do servizo público e flexibililidade organizativa.
d) Fixar a forma de cobertura dos postos e obxectivar o sistema de retribucións.

B) OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO

Co obxectivo de reducir a taxa de temporalidade por baixo do 8,00 % e en aplicación do presente Plan de Ordenación de Recursos Humanos, o Concello de Coirós incluirá na súa Oferta de Emprego Público, sempre que a lexislación o permita e non computen para os efectos da taxa de reposición, aquelas prazas que, estando incluídas no cadro de persoal, conten co correlativo posto na vixente relación de postos de traballo, e se atopen vacantes sendo ocupadas de forma temporal por estimarse que era necesaria a súa cobertura por funcionario interino.

O volume de prazas ofertadas deberá permitir a redución da taxa de temporalidade por baixo do 8% durante o período de vixencia deste plan de ordenación, debendo tenderse a unha porcentaxe de temporalidade o máis baixa posible que dadas as dimensión desta administracións podería chegar a ser do 0%.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 26/10/2026 08:21:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 26/10/2026 09:31:00) ,
Paula Boado Presas (FECHA: 26/10/2026 09:49:00) , Henrique Xesús Fidalgo Méndez (FECHA: 26/10/2026 12:33:00) ,
oscar noya garcia (FECHA: 26/10/2026 19:05:00)
Versión imprimible
CVD: 7RW3zfvCmGi6Btt37Stc Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Non se prevé que ningún empregado público acceda á xubilación no horizonte temporal de aplicación do presente plan.

Tamén se incluirán as prazas afectadas polos procesos de promoción interna vertical e horizontal, así como os postos a funcionarizar.

C) PROCESOS SELECTIVOS

O Concello de Coirós convocará os procesos selectivos para a execución da Oferta Pública de Emprego nos tres anos naturais seguintes a aquel no que se aproben estas, de conformidade co previsto no artigo 70 do TREBEP, coincidindo coa vixencia do presente plan.

D) NOMEAMENTOS TEMPORAIS

D.1) PERSOAL FUNCIONARIO

O Concello de Coirós limitará os nomeamentos temporais por interinidade a aqueles supostos nos que as razóns de urxencia e necesidade debidamente acreditadas fagan necesaria a utilización desta figura ben para cubrir prazas vacantes ou ben para a substitución transitoria dos titulares, e sempre de acordo co vixente regulación do TREBEP así como da LEPG..

Os nomeamentos por programas ou figuras equivalentes serán utilizados de forma excepcional, previa xustificación da súa necesidade e condicionaranse a que a taxa de temporalidade non supere o 8% tendo en conta a duración prevista dos mesmos.

D.2) PERSOAL LABORAL

A recente aprobación do Real Decreto-Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, veu a supoñer un cambio radical no réxime da contratación temporal neste país, pasando a ser configurada de forma moi limitada no seu alcance, o que ten incidencia directa nas administracións locais cando actúen como empregador.

O RDlei 32/2021, de 28 decembro, modificou o Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores para xeneralizar a contratación indefinida e limitar a temporalidade.

A reforma aborda as causas que xustifican o recurso á contratación de duración determinada, limitadas ás circunstancias da produción; á substitución de persoa traballadora; contratos no marco dos fondos Next Generation ou ben dentro da disposición adicional novena do texto refundido da lei de emprego, suprimindo os contratos para obra ou servizo determinado e establecendo as novas regras sobre concatenación de contratos, tamén referidas á cobertura dun posto de traballo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 26/10/2026 08:21:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 26/10/2026 09:31:00) ,
Paula Boado Presas (FECHA: 26/10/2026 09:49:00) , Henrique Xesús Fidalgo Méndez (FECHA: 26/10/2026 12:33:00) ,
oscar noya garcia (FECHA: 26/10/2026 19:05:00)
Versión imprimible
CVD: 7RW3zfvCmGi6Btt37Stc Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Establécese tamén unha nova regulación dos contratos formativos e dos contratos fixos descontinuos. Ademais, no sector da construción regúlase o novo contrato indefinido adscrito a obra.

No ámbito das Administracións Públicas, esta norma debe harmonizarse coas disposicións da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, con incidencia sobre o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, así como na Lei 7/2015, de 29 de abril , de Emprego Público de Galicia, o titulo VII da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e restante normativa concordante.

Consonte a nova redacción do "*artigo 15.1 do ET a contratación laboral presúmese sempre e en todo caso indefinida*", o que resulta de especial interese, xa que calquera contratación temporal que se poda presumir en fraude de lei dará lugar en opinión de quen subscribe, e a espera do pronunciamento dos nosos tribunais, á transformación do contrato en indefinido-non fixo con independencia da duración inicial de dito vínculo contractual.

Á vista da realidade xurídica descrita, o Concello de Coirós só acudirá as contratacións de persoal laboral temporal financiadas con fondos europeos ou realizadas en execución de programas de fomento do emprego, sendo preciso que esta clase de contratacións sexa o máis limitada posible a fin de evitar unha repentina subida da taxa de temporalidade desta administración.

E) APROBACIÓN DUN PLAN DE IGUALDADE

Os Plans de igualdade son un conxunto ordenado de medidas encamiñadas a alcanzar a igualdade real e eliminar a discriminación por razón de sexo a través do deseño de estratexias e directrices dirixidas a iso, tanto a longo como a curto prazo. Todo iso baseado no diagnóstico da situación de cada administración, paso previo a levar a cabo na aprobación do plan de igualdade.
A Disposición Adicional Sétima do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, obriga ás Administracións Públicas a respectar a igualdade de trato e de oportunidades no ámbito laboral e a adoptar medidas dirixidas a evitar calquera tipo de discriminación laboral entre homes e mulleres.
Así mesmo, obrígalles a elaborar e aplicar un plan de igualdade a desenvolver no Convenio Colectivo ou Acordo de Condicións de Traballo do persoal funcionario que sexa aplicable, nos termos previstos no mesmo.

A secretaria comenta que tamén se podería incluír como liña de actuación a formación do persoal e que o plan está aberto á inclusión doutras liñas que se propoñan.

O Sr. Noya García propón incluír a formación no convenio e acoutar os cursos que se poden facer, que deben gardar relación coas funcións do posto.

O alcalde escúsase porque ten que estar en Betanzos ás 13.00 horas.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 26/10/2026 08:21:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 26/10/2026 09:31:00) ,
Paula Boado Presas (FECHA: 26/10/2026 09:49:00) , Henrique Xesús Fidalgo Méndez (FECHA: 26/10/2026 12:33:00) ,
oscar noya garcia (FECHA: 26/10/2026 19:05:00)
Versión imprimible
CVD: 7Rw3zfvCmGi6Btt37Stc Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Non habendo máis asuntos que tratar e sendo as doce horas e cincuenta e cinco minutos (12:55) o Sr. alcalde-presidente levanta a sesión, da que se estende a presente acta da que eu, como secretaria, dou fe.

A secretaria, María Cristina Varela García

O alcalde-presidente, Francisco Quintela Requeijo

A vogal Paula Boado Presas

O vogal Henrique Xesús Fidalgo Méndez

O vogal Óscar Noya García

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 26/10/2026 08:21:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 26/10/2026 09:31:00) ,
Paula Boado Presas (FECHA: 26/10/2026 09:49:00) , Henrique Xesús Fidalgo Méndez (FECHA: 26/10/2026 12:33:00) ,
oscar noya garcia (FECHA: 26/10/2026 19:05:00)
Versión imprimible
CVD: 7Rw3zfvCmGi6Btt37Stc Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

ACTA Nº 2026/3
SESIÓN DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN

Na Casa do Concello de Coirós, sendo as 12:40 horas do día 23 de outubro de 2026, reúnense as persoas que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, a Sesión da Mesa Xeral de Negociación do Concello de Coirós.

Preside a sesión o alcalde-presidente D. Francisco Quintela Requeijo, asistindo as seguintes persoas:

VOGAIS
- Dª. Paula Boado Presas, representante do persoal funcionario
- D. Henrique Xesús Fidalgo Méndez, representante do persoal laboral
- D. Óscar Noya García, en representación do sindicato CSIF

Actúa como secretaria María Cristina Varela García, secretaria-interventora do Concello de Coirós.

Declarado aberto o acto, comeza o debate dos asuntos incluídos na seguinte,

ORDE DO DÍA:

1.º Aprobación das actas das sesións anteriores.

Non habendo observacións, quedan aprobadas as actas da sesión constitutiva de data 9 de outubro e da sesión de data 16 de outubro de 2026.

2º. Negociación da proposta de Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Coirós. Nº Expediente 2026/E004/000001.

A secretaria explica que se revisou o documento despois do tratado na sesión constitutiva celebrada o 9 de outubro de 2026 e os cambios que se fixeron son os seguintes:

1º. Factor incompatibilidade: aclárase o alcance de cada un dos niveis e modifícase o nivel asignado ao posto “arquitecto/a municipal” (grupo A subgrupo A1), que pasa a ter un nivel 3 (50 puntos), consonte ao solicitado por Iria Pérez Miranda.
Considerando que o nivel máximo só se lle asigna ao posto de FHN, ao posto “asesor/a xurídico/a de igualdade” (grupo A subgrupo A1) tamén se lle asigna o nivel 3 (50 puntos).

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 28/10/2026 08:31:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 28/10/2026 08:32:00) ,
Paula Boado Presas (FECHA: 28/10/2026 13:44:00) , Henrique Xesús Fidalgo Méndez (FECHA: 28/10/2026 13:55:00) ,
oscar noya garcia (FECHA: 28/10/2026 22:04:00)
Versión imprimible
CVD: 1gTf8D9B/5UUZMuovLbH Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

2º. Factor dispoñibilidade: aclárase o alcance de cada un dos niveis e modifícase o nivel asignado ao posto "asesor/a xurídico/a de igualdade", consonte ao solicitado por Begoña Riveira Barros. Pasa a ter recoñecida dispoñibilidade total (100 puntos).
Esta modificación do nivel de dispoñibilidade afecta tamén aos postos de "técnico/a de traballo social" e "director/a do CIM", aos que tamén se lles recoñece dispoñibilidade total (100 puntos).
Aos postos de "auxiliar SAF" e "auxiliar/administrativo/a" tamén se lles recoñece a dispoñibilidade parcial (50 puntos).

3º. Factor penosidade: con motivo da alegación de Begoña Riveira Barros revisouse a asignación deste factor e concluíuse que non procede recoñecer ao persoal do CIM un nivel superior ao do persoal do SAF.

4º. Dentro da área CIM modifícanse dúas fichas:

- A ficha axente de igualdade: queda unha única ficha, respectando as funcións contempladas nas bases do proceso selectivo do ano 2022. O tipo de horario é continuo de mañá.

- A ficha de psicólogo/a queda cunha xornada de 15 horas (na ficha do documento inicial tiña 10 horas), que é a atención que se está prestando na actualidade.

O Sr. Fidalgo Méndez pregunta se as auxiliares do SAF non poden ser clasificadas no grupo C2.

A secretaria responde que están dadas de alta no grupo de cotización 10 e iso implica que non se lles esixiu titulación cando se formalizaron os contratos laborais. Por ese motivo se clasificaron como AP. Por outra banda, en moitas RPT recentes (cita Bergondo e Boiro) tamén se clasifican como AP, polo tanto non hai impedimento legal en optar por esa clasificación.

O Sr. Noya García reitera as peticións propostas na sesión constitutiva:

1º. Que os postos que teñen indicado o tipo F/L unicamente contemplen o tipo F, isto é: que se plasme que só poden ser persoal funcionario e se funcionaricen. Serían o técnico/a de deportes e o técnico/a electricista e de mantemento.

2º. Que as fichas de auxiliar/administrativo se configuren unicamente como administrativo (C1) e se indique o CD 22, iso é: que quede plasmado na RPT que eses postos son de administrativo.

A secretaria indica que dende o punto de vista legal non habería inconveniente.

O alcalde sinala que non hai problema.

A secretaria indica que se presentou unha alegación por parte de María García Faraldo o 22/10/2026 na que solicita *"que se modifique la propuesta de RPT que va a la Mesa General de Negociación de mañana, introduciendo en mi puesto la observación de "Puesto adaptado por motivos de salud/Funciones administrativas".*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 28/10/2026 08:31:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 28/10/2026 08:32:00) ,
Paula Boado Presas (FECHA: 28/10/2026 13:44:00) , Henrique Xesús Fidalgo Méndez (FECHA: 28/10/2026 13:55:00) ,
oscar noya garcia (FECHA: 28/10/2026 22:04:00)
Versión imprimible
CVD: 1gTf8D9B/5UUZMuovLbH Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Aclara que non constan antecedentes da adaptación do posto de Auxiliar de Axuda no Fogar que a interesada alega, pero si é certo que se lle expediu un certificado das funcións realizadas.

O alcalde pregunta se ese certificado o asinou Antonio.

A secretaria aclara que o que ela viu está asinado por David Veiga Sierra.

O sr. Noya García explica que adaptarlle o posto de auxiliar do SAF implica que siga facendo as funcións no SAF que lle permite a incapacidade permanente parcial, agás algunhas cousas.

A secretaria indica que é o servizo de prevención quen ten que informar que funcións non pode realizar. Xa se lle explicou á interesada que non se lle pode adscribir nin temporal nin definitivamente a un posto de auxiliar administrativo. O que se pode facer é unha promoción interna horizontal ao posto de alguacil-conserxe, tal como se prevé no plan de recursos humanos. Esta promoción é voluntaria para a funcionaria, se non quere non ten sentido facela.

O alcalde di que xa llo explicará el, que se non quere facer a promoción interna horizontal terá que volver ao SAF facer o que poda.

Para concluír, o Sr. Noya García pide que tanto a RPT coma o Plan de ordenación de recursos humanos se eleve a pleno canto antes.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o documento a votación, resulta aprobado cos votos a favor dos vogais Paula Boado Presas e Henrique Xesús Fidalgo Méndez, e o alcalde.

3º. Negociación da proposta de Plan de Ordenación de Recursos Humanos para o período 2027-2029 do Concello de Coirós. Nº Expediente 2026/E005/000020.

A secretaria explica que se trae o mesmo Plan de ordenación dos recursos humanos que se tratou na sesión anterior, dado que non houbo ningunha solicitude de modificación. Porén, no apartado das ofertas de emprego público si se podería incluír a reserva de prazas para persoas discapacitadas, a fin de cumprir o mínimo legal do 7% esixido no artigo 59 do TREBEP. Tal como se falou durante o proceso de elaboración do plan, reservaríase a praza de auxiliar administrativo/a da área de acción social para persoas con discapacidade.

Os vogais están de acordo.

Sometido o documento a votación, resulta aprobado cos votos a favor dos vogais Paula Boado Presas e Henrique Xesús Fidalgo Méndez, e o alcalde.

O alcalde manifesta que se aprobará tamén a xornada de 35 horas semanais e se implantará un sistema de control horario.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 28/10/2026 08:31:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 28/10/2026 08:32:00) ,
Paula Boado Presas (FECHA: 28/10/2026 13:44:00) , Henrique Xesús Fidalgo Méndez (FECHA: 28/10/2026 13:55:00) ,
oscar noya garcia (FECHA: 28/10/2026 22:04:00)
Versión imprimible
CVD: 1gTf8D9B/5UUZMuovLbH Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

A secretaria lembra que nos informes de nómina ven indicando a necesidade de implantar un sistema de control horario que permita verificar o cumprimento do horario de traballo ao que veñen obrigados os empregados públicos, obriga que é inherente á relación que une a estes suxeitos coa Administración como empregadora.

O Sr. Noya García pide que consta en acta a súa petición de aprobar un convenio para o persoal funcionario e laboral, no que se resolverán outras cuestións: o complemento das baixas ao 100%, a formación, etc.

Non habendo máis asuntos que tratar e sendo as trece horas e corenta e cinco minutos (13:45) o Sr. alcalde-presidente levanta a sesión, da que se estende a presente acta da que eu, como secretaria, dou fe.

A secretaria, María Cristina Varela García

O alcalde-presidente, Francisco Quintela Requeijo

A vogal Paula Boado Presas

O vogal Henrique Xesús Fidalgo Méndez

O vogal Óscar Noya García

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR María Cristina Varela García (FECHA: 28/10/2026 08:31:00) , Francisco Quintela Requeijo (FECHA: 28/10/2026 08:32:00) ,
Paula Boado Presas (FECHA: 28/10/2026 13:44:00) , Henrique Xesús Fidalgo Méndez (FECHA: 28/10/2026 13:55:00) ,
oscar noya garcia (FECHA: 28/10/2026 22:04:00)
Versión imprimible

CVD: 1gTf8D9B/5UUZMuovLbH Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/